



Tipo de adopción: Plena

A decisión de adopción tómase a través dun acordo por escrito coa persoa que entrega ao neno para a adopción, inscrición no rexistro civil e escritura pública ante notario. A adopción é revogable no caso de que os adoptantes incumprisen os seus deberes co adoptado/a. Non obstante, segundo a interpretación dada polas autoridades chinesas e a Dirección Xeral de Rexistro de Notariado de España, esta adopción é inscribible como plena no Rexistro Civil Central español unha vez o/a menor saíse de China.

Requisitos:

- Estado civil: casado/a, solteiro/a, divorciado/a, viúvo/a
- Idade (Parella): ≥ 30
- Anos de convivencia: > 2
- Permite a adopción se se teñen fillos biolóxicos: Si
- Permite a adopción se se teñen fillos adoptivos: Si
- Monoparentais: Muller

2 anos de matrimonio (5 en caso de matrimonios anteriores).

Acéptanse 2ª s adopcións de menores chineses pasado 1 ano da primeira adopción.

Adopción de menores con necesidades especiais: idade máxima das persoas que se ofrecen para a adopción, 55 anos. No caso de que o membro mais novo da parella sexa maior de 50 anos, a diferenza entre éste e o adoptando non debe ser mais de 50 anos. No caso das familias monoparentais, a diferenza co adoptando non debe ser mais de 45 anos.

Polo menos unha das persoas que se ofrecen para a adopción deberá ter traballo e ingresos estables.

Ingresos anuais por traballo: mínimo 10.000 dólares por cada membro da unidade familiar contando o futuro adoptado. No caso de familias monoparentais, o número de membros debe ser un mais que o número real de membros da familia despois de ter adoptado ao menor.

Bens e propiedades: mínimo de 80.000 dólares. No caso de familias monoparentais, o patrimonio neto debe ser de 100.000 dólares.

Non se contabilizan fondos de axuda, pensións, beneficios por incapacidade, subsidio de crianza etc. Para as familias en que a renda per cápita e o patrimonio neto non cumpran cos requisitos anteriores, pero estean por enriba do nivel de vida medio local, a limitación poderá atenuarse se é posible presentar unha certificación válida.

Nivel de estudos mínimo: bacharelato superior, formación técnica ou profesional equivalente.

Os adoptantes deben estar sans física e psíquicamente, sen padecer ningunha das seguintes enfermidades:

1. discapacidade intelectual,
2. VIH positivo ou outra enfermidade infecciosa en período activo,
3. esquizofrenia,

4. trastorno mental como: manía, ansiedade, fobia, depresión, obsesión, etc agás que sexa unha parella e un dos membros teña este problema pero presente síntomas leves, e estea baixo control tomando pouca medicación,
5. cegueira binocular, baixa visión binocular ou cegueira monocular sen prótese ocular.
6. perda de audición dos dous oídos, perda da capacidade de expresión verbal agás que o neno adoptado padeza a mesma situación ou que, nunha parella, un dos membros estea completamente san.
7. deformación facial severa, disfunción ou función deficiente das extremidades ou do madeiro causadas pola integridade física incompleta, parálise ou deformación.
8. enfermidades que requiren un tratamento longo como tumores malignos, lupus, nefrose, epilepsía, esclerose múltiple agás que, nunha parella, unha das persoas estea completamente san e a outra sufra alguna destas enfermidades, pero teña bo control mediante tratamento.
9. trasplante de órganos vitais hai menos de 10 anos agás, nunha parella, en que un deles estea totalmente san e o outro aínda que non cumprira 10 anos desde o trasplante, leve a cabo vida normal.
10. índice de masa corporal (IMC= peso kg/ cuadrado da altura m) maior ou igual que 40.

Os adoptantes deben ter tempo suficiente e capacidade de coidar ben os fillos. Se é familia monoparental, o número de fillos na familia menores de 18 debe ser menos de 3, e o mais pequeno deberá ter cumpridos os 6 anos.

As persoas que se ofrecen para a adopción non deberían ter ningún rexistro de sancións penais, senón ter bo carácter moral, comportarse de maneira correcta e respectar a disciplina e a legalidade, sin ningún dos seguintes antecedentes:

1. violencia doméstica, abuso sexual e abandono/ abuso de menores, aínda que non foran arrestados ou condeados.
2. ter historial de consumo e tenencia de drogas incluíndo opio, morfina, marihuana, heroína, cocaína, metanfetamina, etc
3. ter historial de abuso de alcohol, e non pasaran 10 anos desde a abstinencia.

Nos ofrecementos de adopción terase en conta se os adoptantes tiveron 3 (ou menos) antecedentes penais con infraccións de menor importancia e sin consecuencias graves, e pasasen 10 anos desde a súa corrección, ou ter 5 (ou menos) rexistros de infraccións da lei de tráfico sen consecuencias graves.

Os adoptantes deben ter recibido formación previa, para entender que a adopción pode proporcionar un bo fogar para os nenos orfos e discapacitados satisfacendo as necesidades dun desenvolvemento saudable. Os adoptantes deben estar preparados para os posibles riscos durante o proceso e as condicións da posible enfermidade do adoptado, o atraso no desenvolvemento, a inadaptación postadoptiva, etc.

Os requisitos de limitación de idade ou cálculo da idade, refírense á data de rexistro do expediente de solicitude no CCCWA.

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade en novembro de 2017, recorda que, para as adopcións que correspondan a unha notificación das autoridades chinesas autorizando a viaxe, expedida antes do 1 de xaneiro de 2015, os informes de seguimento deberán presentarse o 1º e 6º mes, e 1º, 2º, 3º e 5º ano, despois da inscrición da adopción.

Para as adopcións que correspondan a unha notificación das autoridades chinesas autorizando a viaxe a China expedida despois do 1 de xaneiro de 2015, os informes deberán presentarse aos 6 meses, e o 1º, 2º, 3º, 4º e 5º

ano despois da inscrición da adopción.

Desde o 1 de xaneiro de 2015, os 3 últimos informes poden ser realizados pola familia, pero teñen que aportar a mesma información e documentación que se solicita para os anteriores. O OAAI deberá supervisar e asesorar a elaboración dos informes 4º a 6º.

Os informes de seguimento presentaranse ante o CCCWA a través do OAAI.

Características dos nenos:

- Nenos menores de 14 anos orfos, abandonados, de filiación descoñecida ou cuxos pais biolóxicos non poidan crialos debido a dificultades fóra do habitual.
- O neno maior de 10 anos deberá dar o seu consentimento á adopción.

Forma de tramitación:

Poderá tramitar a súa adopción:

- A través do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (Protocolo Público).
- A través de Organismos Acreditados para a Adopción Internacional (OAAI).

Interadop - Galicia

Rúa Reiseñor, 10 - Entresollado - Of. 2

Vigo (36205)

Teléfono: 986265672

Fax: 986265672

<http://www.interadop.es>

interadopgalicia99@hotmail.com

Piao

Rúa San Nicolás nº 17- 1º

A Coruña (15001)

Teléfono: 981122122

Fax: 981122871

<http://www.piao.org>

galicia@piao.org

ACI

Sinfónica de Galicia 3-5 (Ed. Trébol) Portal 3 esqda, 1º, ofic. 15-16

A Coruña (15004)

Teléfono: 646111123

<http://www.aciadopcion.org>

galicia@aciadopcion.org

Documentación necesaria:

- Solicitude ao CCCWA, especificando que o neno sexa orfo ou abandonado.
- Certificado de nacemento.
- 3 fotocopias dos pasaportes.
- Certificado de matrimonio.
- Certificado médico e conforme o modelo oficial do país.
- Certificado de penais.
- Certificado negativo de delitos sexuais.
- Certificado de traballo.
- Certificado de ingresos económicos e certificado financeiro de activos familiares.
- 2 fotografías de cada solicitante e 6 fotos da vivenda.
- 2 Cheques bancarios en dólares ao CHINA CENTER FOR CHILDREN'S WELFARE AND ADOPTION (CCCWA) e ao BRIDGE OF LOVE ADOPTION SERVICE.
- Certificado de fe de vida, declaración de soltería e de non ser homosexual (monoparentais).
- Declaración de conformidade dos titores (monoparentais).
- 3 ou máis cartas de recomendación de persoas relacionadas coa familia adoptante (amigos próximos, veciños, xefes, compañeiros, médicos da familia...). Se os solicitantes teñen fillos maiores de 18 anos é conveniente que redacten unha das cartas e, se son menores en idade escolar, que unha das cartas sexa elaborada polos seus profesores. As cartas deberán ser certificadas ante notario.
- Certificado de idoneidade.
- Informe psicosocial.
- Compromiso de seguimento.
- Toda a documentación deberá estar traducida ó chino, legalizada polo Ministerio de Asuntos Exteriores español e autenticada polo Consulado Xeral de España en China.
- **A maiores, deberá aportarse a documentación esixida en Galicia.**

Organismo público competente:

Centro Chino de Benestar Infantil e Adopción- CCCWA (China Center for Children's Welfare and Adoption).

Embaixada en España:

Embajada R. P. China en España

Arturo Soria, 113 - 28043 Madrid

Teléfono: 915194242 / 915193672 Fax: 915192035

Estancia esixida no país:

- A estancia mínima aproximada no país é de 15 días.

Informes de seguimento:

- 1 informe aos 6 meses desde a adopción.
- 1 informe aos 1, 2, 3 e 5 anos.
- 1 informe aos 4 anos

Lexislación:

- Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993.
- Convenio suprimindo a esixencia da legalización dos documentos públicos estranxeiros, feito na Haia o 5 de outubro de 1961.
- Lei de Adopción da República Popular China, aprobada na 23 Asemblea do 7º Comité Permanente do Congreso Nacional Popular o 29 de decembro de 1991, modificada polo decreto presidencial nº 10 de 4 novembro 1998 (entrada en vigor 01/04/1999).
- Regulamento do 10 de novembro 1993, relativo á adopción de nenos chineses por estranxeiros.
- Decreto do 25 de maio 1999, do Ministerio de Asuntos Cívís, relativo á adopción de nenos chineses por estranxeiros.
- Circular do Centro Chinés para a adopción, de 28 novembro 2002, relativa á admisión de expedientes de adopción na República popular China para o ano 2003.
- Circular do Centro Chinés de Adopcións do 8 de decembro de 2006, sobre novas condicións das persoas solicitantes.

Observacións:

O CCCWA ten establecida unha vía especial para a adopción de menores con necesidades especiais, denominada "Pasaxe Verde". Este tipo de adopción soamente se tramita a través de ECAI.

Segundo comunicado do Consulado de España en Beijing, de xullo de 2010, existen 8.000 familias españolas en espera de asignación, debido á diminución do número de menores dispoñibles para adopción internacional.

O Convenio do 5 de outubro de 1961, suprimindo a esixencia de legalización dos documentos públicos estranxeiros, só está en vigor para as rexións de Hong Kong e Macao.

Segundo información do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade, de xuño de 2014, actualmente o tempo de espera para a asignación está en 90 meses (7 anos e medio). Este tempo de espera previsiblemente seguirá aumentando progresivamente.

A Comisión Interautonómica de Directores Xerais de Infancia de 22 de decembro de 2014, acordou suspender a admisión de novas solicitudes de adopción para China salvo que sexa para menores con necesidades especiais, pola vía de "Pasaxe Verde"

Data de actualización:

A información do país foi actualizada o 18/07/2018.